

Contra a centralización dos convenios colectivos

En defensa do dereito da clase traballadora galega a negociar as súas condicións laborais

Non a centralización da negociación colectiva a nivel do estado

AS duras reformas laborais aprobadas nos últimos anos polo PSOE e PP estableceron distintas medidas co obxectivo de empobrecer á clase traballadora, favorecer o aumento dos beneficios empresariais e debilitar o papel do movemento sindical. Unha das medidas que favorece ditos obxectivos é a posibilidade de centralizar a nivel estatal a negociación colectiva.

Desde a CIG queremos subliñar e denunciar que os principais obxectivos destas reformas, así como dos acordos interconfederais estatais, son os seguintes:

1. A centralización realízase para empeorar sensibelmente as condicións de traballo. A CEOE, CCOO e UGT cumpren o obxectivo que, entre outros, o Banco de España, defendeu para as reformas: dar prioridade aos convenios estatais para rebaixar os salarios. O Banco explicou que só debían quedar dous ámbitos de negociación, o estatal (afastado da participación real dos e das traballadoras) e o de empresa, este último para flexibilizar ao máximo as condicións de traballo.
2. O interese da patronal é moi evidente, utilizar os convenios estatais, afastados dos propios traballadores e traballadoras e polo tanto do seu control e participación, para gañar máis diñeiro precarizando o traballo e, de paso, tratar de debilitar a acción sindical e o recurso á folga.
3. Pola súa banda, CCOO e UGT ampáranse nas últimas reformas laborais para tratar de favorecer o seu monopolio representativo en todo o Estado, ao tempo que lle dan á patronal o que quere a

cambio de que a CEOE os recoñeza como únicos interlocutores. Búscase así, entre outras cousas, dificultar o exercicio dun dereito fundamental como é a negociación colectiva, a aquelas organizacións sindicais que facemos un sindicalismo combativo e participativo, especialmente aos sindicatos nacionalistas.

A CEOE, CCOO e UGT son organizacións españolas belixerantes contra a existencia doutras realidades sindicais en nacións sen Estado, dentro do Estado español, como é o caso de Galiza. Esta estratexia centralizadora que levan adiante pon en evidencia cuestións que para CIG son moi importantes; a primeira, a clara insuficiencia do marco normativo da autonomía galega, que non recolle competencias en materia de lexislación laboral e social; e a segunda, a estreita relación da loita pola soberanía de Galiza coas condicións de vida e traballo da clase traballadora galega. A negociación colectiva é unha vía capaz de crear normas no ámbito laboral que permiten a un sindicalismo combativo como o que a CIG representa, exercer unha influencia directa para lograr unha distribución máis xusta da riqueza. Deixarnos sen negociación colectiva aos traballadores e traballadoras galegas, forma parte dunha estratexia compartida por CCOO e UGT, co poder económico e os gobernos, para que baixo a xustificación de avanzar no que denominan “unidade de mercado español”, debilitar e desmobilizar á clase traballadora, facilitando así a nosa perda de dereitos e o empobrecemento.

A centralización a nivel estatal dos convenios colectivos empobrece as condicións de traballo e vulnera a liberdade sindical

Rebélate e mobilízate. Non deixes que estes sindicatos e a patronal española nos rouben o dereito a decidir sobre as nosas condicións de traballo



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com